



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 27 DE MARZO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
LUCIA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURAN BEREJO
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
OLGA IGLESIAS BEREJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 27 de marzo de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 30.01.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 30.01.2025.

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Gustaríame cambiar unha cousa que non aparece ben transcrita, no punto no que se fala da Moción da ANPA a anécdota que contei o outro día que non está ben redactada, entón quería que constara en acta a mellora da redacción.

Onde di: *“ímoslle poñer un pouco de humor porque senón, non vai ser todo seriedade- eu desta segunda intervención co que me quedo é como Xesucristo na ultima cea cando lle dixo aos apóstolos: agora védesme, mañá non me veredes, volveredes a verme para o cambio de mes. E díxolle San Pedro: mestre,*



cada vez quereímore mais polo ben que te explicas.” Isto non é así, el di: agora me veis, mañana no me veréis, volveréis a verme para dejarme de ver e é cando di San Pedro: mestre, cada vez quereímore máis polo ben que te explicas.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 30.01.2025, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/13 (REX 2). EXPEDIENTE 2025/G006/000094

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de marzo de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 18.03.2025, que dí:

“Visto o expediente nº 2025/G006/000094 correspondente ao recoñecemento extraxudicial de créditos número 2/2025, relativo a gastos procedentes do exercicio 2024 por un importe bruto de 34.975,44 € pero que non pudieron pagarse nese exercicio por falta de consignación orzamentaria suficiente.

Considerando o disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, que establece a posibilidade do recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, atribuíndo ao Pleno da Corporación tal recoñecemento, sempre que non exista dotación orzamentaria.

Considerando o disposto na base 13ª das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024:

“(…) Corresponde ao Pleno da Corporación a asunción de gastos procedentes de exercicios anteriores mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos, agás as dos contratados previamente e con créditos comprometidos no exercicio correspondente. (...)”

Resultando que con data de 18 de marzo de 2025, emitíuse Informe de Intervención de fiscalización, relativo á relación de facturas para recoñecemento extraxudicial REX 02/2025 para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

As devanditas facturas foron informadas desfavorablemente pola Intervención, mediante informe de reparo suspensivo por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

O reparo de Intervención basease en que as indicadas prestacións non son susceptibles de tramitación como contratos menores, senón que, pola súa contía, deberían ser sometidas a licitación e concorrancia pública.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Hai que ter en conta que se trata de prestacións que se veñen realizando deste xeito en atención aos recursos persoais e de medios materiais de que dispón o concello, como se acaba de apuntar, e buscando a procura da satisfacción dos intereses municipais dun xeito fácil e rápido, acudindo ás disponibilidades máis axeitadas por inmediatez e eficacia.



Tendo en conta os artigos 184 a 186 do TRLHL, e o establecido no artigo 217 para a resolución dos informes de reparo.

Resultando que o órgano competente para o levantamento do reparo e a aprobación do presente expediente é o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Levantar a nota de reparo suspensiva de Intervención, de data 18 de marzo de 2025, emitida de conformidade co artigo 215 e 216 a) e c), do TRLHL e 12 do Real decreto 424/2017 de 28 de abril, de réxime xurídico, por insuficiencia de crédito e por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

SEGUNDO.- Aprobar, comprometer o gasto e recoñecer extraxudicialmente as obrigas que se derivan das facturas incluídas no REX 02/2025, por importe total de TRINTA E CATRO MIL NOVECIENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (34.975,44 euros), con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes ao orzamento 2025, que é o prorrogado do ano 2024, a favor dos terceiros e polos conceptos e importes que se detallan a continuación:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/3375	Emit-24	13/12/2024	B70331129	CONSTRUCCIONES FEGOATLANTICO SL	REPARACIONES VARIAS PISTAS DO CONCELLO	O	454	61900	9.635,84 €
F/2024/3376	Emit- 25	13/12/2024	B70331129	CONSTRUCCIONES FEGOATLANTICO SL	REPARACIÓN URGENTE DE HUNDIMIENTO EN CAMIÑO FONTE DA AREA	O	454	61900	10.283,27 €
F/2024/3377	Emit- 26	13/12/2024	B70331129	CONSTRUCCIONES FEGOATLANTICO SL	LIMPIEZA Y RESTAURACIÓN DE CAMINO DE REGOA/O FORMIGUEIRO / PICADO DE CUNETAS I/RETIRADA	O	454	61900	15.056,33 €
								TOTAL	34.975,44 €

TERCEIRO.- Ordear o pago por parte da Tesourería municipal con cargo ás aplicacións orzamentarias que se sinalan na relación anterior.

CUARTO.- Dar traslado aos servicios municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor, do PsdG-PSOE (2) e do BNG (2) e dúas (2) abstencións, do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Si, nosoutros imos cambiar o sentido do voto dado que como resultado da fiscalización e, visto canto antecede, informa desfavorablemente a aprobación das facturas recollidas na relación e emite un reparo suspensivo. Imos votar en contra, independentemente de... non entramos a valorar se este tipo de obras son necesarias ou non. Creemos que no Concello de Cedeira existe un numeroso tipo de obras que tamén son necesarias, pero visto o reparo de fiscalización, nós imos votar en contra.

O Sr. Arribe Rodríguez di : Nós estamos a favor



O Sr. Alcalde di: En todos os recoñecementos extraxudiciais de crédito sempre hai un informe de Intervención, corríxeme Interventora, sempre vai a ser desfavorable por iso a motivación, por suposto. Neste caso, si que me gustaría que, por favor, cando se presente unha factura como a primeira que aparece, de reparación de varias pistas do Concello, habería que esixirlle á empresa que, aínda que poña no albarán as empresas que sexan, despois cando veña recollido no texto que se poñan nas pistas que son porque pon varias e igual nos parece que é unha soa. Isto é un pouco de interese xeral para todos. Estas obras son totalmente necesarias, son obras que nun momento determinado pois como, por exemplo, o camiño da fonte da Area, onde traídas particulares desfizeron totalmente o camiño, onde quedou interrompido. Son obras que non se poden contratar dun día para outro, senón que necesitamos, canto antes, traer á empresa que faga os traballos porque senón hai xente, hai persoas que non teñen acceso ás súas vivendas. Moitas veces tamén cando son os Orzamentos municipais pois o que soe pasar é precisamente isto, que ao final de ano pois non temos partida económica para poder pagar estas facturas, e por iso teñen que ir a un recoñecemento extraxudicial. Si que tamén engana un pouco a data da factura porque veñen todas coa mesma data, non significa que igual se fixera todo isto e tal, senón que son obras que se fixeron anteriormente e que a empresa, corríxeme Concelleiro de Obras e Concelleira do Medio Rural -que sodes os que estades máis pendentes de todo isto-, que son obras que se foron facendo igual dende setembro e facturaron en decembro. Un pouco por dar unha explicación.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. APROBACIÓN DO CONVENIO DE ADHESIÓN AO PROGRAMA ESPECÍFICO DE PROMOCIÓN DA RECICLAXE A TRAVÉS DAS PLANTAS DE COMPOSTAXE, PROMOVIDO POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. (SOGAMA). EXPTE 2025/A006/000003

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de marzo de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 19.03.2025, que dí:

“Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE ADHESIÓN AO PROGRAMA ESPECÍFICO DE PROMOCIÓN DA RECICLAXE A TRAVÉS DAS PLANTAS DE COMPOSTAXE, PROMOVIDO POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. (SOGAMA). EXPTE 2025/A006/000003

Resultando que mediante a Orde, de 23 de xaneiro de 2025, foron establecidas as condicións para a adhesión das entidades locais ao Programa específico de promoción del reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión de plantas de compostaxe, promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través de la Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama), publicada no DOG núm. 20 de data 30.01.2025 e o seu Anexo II -Modelo de convenio de adhesión ao Programa- que consta no expediente TEdC número 2025/A006/000003.

Resultando que Sogama, empresa pública adscrita á consellería competente en materia de residuos, ao abeiro do establecido no artigo 25 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento en que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas nos plans de xestión de



residuos. Dentro do seu ámbito de actividade, ten a promoción da reciclaxe a través das plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade coa disposición adicional terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, construíronse varias instalacións de tratamento da fracción orgánica (FORSU) dos residuos urbanos recollida selectivamente polas entidades locais, e adoptáronse varias plantas de transferencia para a recollida específica desa fracción.

Resultando que na cláusula terceira do convenio se regulan as obrigas económicas da entidade local establecéndose no seu apartado F o seguinte teor literal: “*F. Aboar a Sogama, nos termos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de FORSU ou, de ser o caso, polo incumprimento das condicións mínimas de calidade da FORSU, o canon único de xestión de RU para aquelas partidas rexeitadas (incluídos os custos que se establecen na letra C da cláusula cuarta), tendo en conta que:*

- *O número de toneladas determinarase en función das pesadas en báscula debidamente homologada dos vehículos que transporten os residuos.*
- *O importe do canon unitario de tratamento por tonelada de FORSU entregada fíxase na cantidade de xx euros/tonelada máis IVE para o ano xxxx e actualizarase anualmente, no mes de xaneiro, conforme o establecido na disposición adicional terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.*
- *En garantía da sustentabilidade financeira do sistema e de acordo co establecido na disposición adicional terceira da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e as condicións establecidas na Resolución do 22 de xaneiro de 2025, da consellería competente en materia de residuos, no caso de falta de pagamento das cantidades que corresponda aboar ás entidades locais en concepto de canon unitario por tratamento de FORSU, estas terán a consideración de líquidas, vencidas e exixibles para os efectos do seu aboamento con cargo ás cantidades que correspondan a cada municipio como participación no Fondo de Cooperación Local, por instancia da sociedade pública xestora do sistema, mediante acordo de retención ditado polo órgano encargado da xestión do citado fondo, segundo a súa normativa reguladora.”*

Resultando que mediante a Resolución, de 22 de xaneiro de 2025, publicada no DOG núm. 21 de data 31.01.2025, fíxose público o importe, para o ano 2025, do canon específico por tonelada de residuos entregados que cumpran os requisitos mínimos para a xestión nas plantas de tratamento de materia orgánica, no marco do Programa específico de promoción do reciclaxe mediante a posta en marcha da xestión de plantas de compostaxe promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama), que se establece na suma de 51,40 euros por cada tonelada de residuos domésticos FORSU xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

Resultando que as entidades locais, de conformidade coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, teñen reservada a competencia do servizo esencial de recollida, tratamento e aproveitamento dos residuos, e deben garantir aos cidadáns a efectiva prestación do servizo esencial, entendendo que a posibilidade de xestión que ofrece a Comunidade Autónoma de Galicia a través de sociedade pública Sogama garante a prestación máis adecuada deste servizo. Deste xeito, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través de Sogama, posibilita que as entidades locais poidan xestionar os residuos FORSU que recollan, tras implantar un novo sistema de recollida selectiva de FORSU, aumentando deste xeito o cociente de material reciclado.



Vista a memoria xustificativa de data 24.02.2025 asinada pola Alcaldía en cumprimento do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 18.03.2025 en sentido favorable.

Visto o informe de Intervención de data 19.03.2025 en sentido favorable.

En base ó exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, propono ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de adhesión ao Programa específico de promoción del reciclaxe mediante a posta en marcha e a xestión de plantas de compostaxe, promovida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través de la Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama).

SEGUNDO.- Comprometerse a incluír as achegas económicas necesarias nos respectivos orzamentos municipais para facer fronte aos compromisos económicos derivados da sinatura do presente convenio.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do Convenio.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama)."

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. SOLICITUDE DE CESIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE TERREO EN SAN ANDRÉS DE TEIXIDO. EXPEDIENTE 2025/X999/000045

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de marzo de 2025, que di:

"Vista a Proposta da Alcaldía de data 17.03.2025, que dí:

"Visto que con data 27.02.2025 (rex entrada nº (202590000000579) a Deputación Provincial da Coruña comunica que o 25 de xuño de 2023 finalizou a vixencia do acordo de cesión, adoptado mediante acordo do Pleno de 25 de xuño de 1993, no que a Deputación da Coruña cedía ao Concello de Cedeira o uso do terreo propiedade do referido organismo situado en San Andrés de Teixido - con referencia catastral 15022A037001440000IX - para determinados fins e por un período de 30 anos.

Resultando de interese para este Concello a cesión do referido terreo polo tempo máximo permitido coa finalidade de destinalo a facilitar as instalacións axeitadas para os romeiros e visitantes que acoden ao Santuario de San Andrés de Teixido e seguir redundando así en beneficio non só da veciñanza do noso Concello, senón tamén da provincia en xeral.



Polo exposto, ao abeiro do previsto no art. 110 e concordantes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, **PROPOÑO** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial a cesión do terreo con referencia catastral 15022A037001440000IX, ubicado en San Andrés de Teixido, por un prazo de 30 anos coa finalidade de destinalo a facilitar as instalacións axeitadas para os romeiros e visitantes que acoden ao Santuario de San Andrés de Teixido

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a realización dos trámites necesarios en relación con este acordo.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. CANDIDATURA DO GOBERNO LOCAL PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA DO RECOÑECIMIENTO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA (RECOÑECIDO)

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de marzo de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 12.03.2025, que dí:

“Asunto: CANDIDATURA DO GOBERNO LOCAL PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA DO RECOÑECIMIENTO COMO CIDADE AMIGA DA INFANCIA (RECOÑECIDO)

A iniciativa **Cidades Amigas da Infancia**, liderada por UNICEF España, ten como obxectivo xeneral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), ratificada polo noso país en 1990, no ámbito dos Gobernos Locais.

Cidades Amigas da Infancia ten como visión que todo neno, nena e adolescente goce da súa infancia e adolescencia e desenrole todo o seu potencial a través da realización igualitaria dos seus dereitos nas súas cidades e comunidades. Co fin de facer realidade esta visión, os gobernos locais e os seus socios identifican as súas metas (resultados) nas cinco esferas de obxectivos xenerais, que recollen os dereitos contidos na Convención sobre os Dereitos do Neno. Desta forma unha cidade ou comunidade conta cunha gobernanza amiga da infancia, ao traballar para alcanzar estes obxectivos:

Cada neno, nena e adolescente é valorado, respectado e tratado xustamente dentro das súas comunidades;

As voces, necesidades e prioridades de cada neno e nena escóitanse e considéranse nas normativas e políticas públicas, nos orzamentos e en todas as decisións que lles afectan;

Todos os nenos e nenas teñen acceso a servizos esenciais de calidade;



Todos os nenos e nenas viven en contornas seguras e limpas;

Todos os nenos e nenas teñen a oportunidade de gozar da vida familiar, o xogo e o lecer.

Cidades Amigas da Infancia púxose en marcha en España no ano 2001 e conta co apoio do Ministerio de Mocidade e Infancia, a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) e o Instituto Universitario UAM-UNICEF de Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUNDIA) e UNICEF España, quen constitúen a Secretaría Permanente da Iniciativa.

A través do Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia, UNICEF Comité Español destaca a aqueles gobernos locais comprometidos cos cinco obxectivos de dereitos anteriores, que aplican a nivel local un modelo de xestión desde un enfoque de dereitos do neno, e que o fan baixo un sistema de gobernanza que favoreza a coordinación interna e externa, que promova e xere mecanismos reais de participación infantil e adolescente e que conte cunha estratexia a longo prazo para incorporar á infancia e adolescencia no centro das políticas e accións impulsadas desde os gobernos locais.

A Secretaría Permanente da Iniciativa Cidades Amigas da Infancia determinará o se se lle concede a condición de Recoñecido de acordo ao establecido nas bases do recoñecemento da convocatoria de aplicación.

Considerando que Cidades Amigas da Infancia e o recoñecemento Cidade Amiga da Infancia favorecerán os intereses da poboación en xeral e da infancia en particular; considerando, ademais, que o noso municipio (ou outro goberno local) cumpre cos requisitos estipulados nas bases da convocatoria aberta por UNICEF España; e manifestando a nosa vontade de contribuír activamente á difusión e aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno na nosa localidade.

Por iso desde o goberno municipal de Cedeira, propoñemos ao Pleno Municipal:

Solicitar a UNICEF España iniciar os trámites para a obtención da condición de Recoñecido do Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia; así como

Contar co seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Antes de comezar o turno de intervencións, non sei se o Concelleiro quere...

O Sr. López López di: Non, un pouco explicar por que ven isto, porque pode soar que xa veu o ano pasado. O ano pasado veu en calidade de candidatura. O ano pasado aceptáronnos esa candidatura e entón agora temos que volver a enviar exactamente o mesmo papel, cambiando dúas palabras do papel solicitando ese recoñecemento. Entón, bueno, por iso ven aquí. As políticas que estamos facendo é por e para eles e elas e entón, bueno, por intentar facer ou conseguir que Cedeira sexa Cidade Amiga da Infancia creo que é unha cousa salientable, xa non para nós que somos Goberno local, senón para toda Cedeira porque temos aí unha insignia de que, bueno, moitos pobos da zona poden dicir é un pobo no que fixarse para coller políticas que estamos facendo a prol da infancia e da adolescencia.



O Sr. Alcalde di: Moitas gracias, Noel. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

6. MOCIÓN DO BNG DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PUBLICA PARA SOLICITAR O APOIO Á MANIFESTACIÓN DO DÍA 6 DE ABRIL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 24 de marzo de 2025, que di:

“Vista a moción presentada polo portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Cedeira en data 28.02.2025, que dí:

“Don Xosé Antón Arribe Rodríguez portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Cedeira, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte **MOCIÓN** proposta pola Plataforma SOS Sanidade Pública:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, despois da gran manifestación celebrada cun enorme éxito en Vigo, organizada pola Plataforma de Vigo e o resto de Plataformas da área sanitaria, acordamos convocar unha nova manifestación en Compostela o día 6 de abril, ás 12 h desde a Alameda, dada a nula resposta da Xunta de Galicia e da Consellaría de Sanidade ás reivindicacións que expuxemos de incrementar os recursos, mellorar a organización e o funcionamento da Atención Primaria; reactivar e aproveitar plenamente os recursos dos Hospitais Públicos para afrontar o incremento das listas de agarda; e frear a deterioración, desmantelamento e privatización de todo o Sistema Sanitario Público Galego por parte do PP galego.

As organizacións que formamos parte desta alianza social e profesional, consideramos fundamental o apoio dos Concellos (como administracións máis próxima aos problemas da cidadanía), e pedimos o apoio ás reivindicacións que expoñemos de maneira consensuada:

- **Máis Atención Primaria:** Centros de Saúde e PACs dotados de persoal suficiente de todas as categorías; ben equipados; accesibles en 24-48 horas como máximo; consultas presenciais a solicitude do paciente; reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e participación social.
- **Máis Atención Hospitalaria:** utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar recortes nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de agarda e a non ocultación das mesmas; acabar coa precariedade laboral e recuperar a esixencia da dedicación exclusiva do persoal médico.
- **Máis Sanidade Pública:** incrementar o orzamento sanitario público; Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as Áreas Sanitarias pechadas; potenciar a Saúde Pública para combater as posibles epidemias para a saúde.

Por todo exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita á corporación municipal do Concello de Cedeira a aprobación dos seguintes **ACORDOS** propostos pola Plataforma SOS Sanidade Pública:

1. Apoiar as reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública



2. Instar ao goberno municipal a difundir a través dos medios ao seu alcance a Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do día 6 de abril en Compostela e a facer un chamamento ao conxunto da veciñanza para participe nela.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor, do PsdG-PSOE (2) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións, do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Cribeiro García di: A plataforma que promove esta iniciativa lexislativa popular é unha entidade fundamentalmente partidista que non ten interese algún pola mellora da Sanidade pública, senón que ten como obxectivo único e exclusivo atacar á Xunta de Galicia e ao Partido Popular. A moción parte de premisas erróneas, nin houbo recorte na Sanidade pública, nin aumento da Sanidade privada. Galicia conta co cribado neonatal máis completo de España e co calendario vacinal máis completo do mundo o que nos pon na vangarda da saúde pública. Quen é a plataforma SOS Sanidade pública? Esta plataforma está apoiada polos sindicatos e partidos de esquerda de cada territorio e ten, a nivel de Galicia, un único voceiro, Manuel Martín García. Este médico foi nomeado membro do Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia polo goberno bipartito, entre 2006 e 2009, e participou na elaboración do documento Proposta de transformación da Atención Primaria en Galicia, publicado en 2009 pola Consellería de Sanidade, asignando un capítulo sobre os PAC, que son os puntos de atención continuada, coas seguintes conclusións, dicía:

“En la situación actual los PACs de Galicia presentan una atención de escasa eficiencia, son poco resolutivos y provocan una elevada ocupación de profesionales (en un escenario de escasez de los mismos) que se sienten frustrados ante el escaso desarrollo profesional que pueden desarrollar estos dispositivos.” Dicía: *“Se hace necesario realizar una reforma en profundidad que produzca una reducción del actual número de puntos, un menor consumo de profesionales y una mejora de la calidad asistencial.”*

Este médico, Martín, compaxinaba ese asesoramento ao bipartito do goberno da Xunta de Galicia, formada polo PSOE e o BNG, e propoñía pechar os puntos de atención continuada coa presenza dunha presunta plataforma en defensa da Sanidade Pública que, en realidade, defendía ó Goberno ante reivindicacións sindicais, como ocorreu coa folga en atención primaria convocada no ano 2008. Naquel momento, Martín apoiaba ao Goberno, a Asociación galega para a defensa da Sanidade pública emitíu un comunicado cuestionando os paros que convocan os sindicatos co apoio dos colexios médicos. Dicía: Reducto tradicional dos sectores máis conservadores da profesión médica. La entidad cuestiona incluso algunas de las reivindicaciones de los facultativos, ya que señala que su negativa a hacer guardias con carácter obligatorio choca con una realidad en la que no hay bolsa de médicos en paro, por lo que esta petición abocaría ao sistema de saúde e pon en risco a asistencia á cidadanía.

Curiosamente, a mesma asociación que defendía as gardas obrigatorias pola realidade da falta de médicos dispoñibles, ataca agora ás medidas que toma a Xunta ante unha realidade constatada de falta de médicos nas listas de contratación. Dende o ano 2009, Martín e a súa plataforma deixaron de ser tan complacentes co Goberno autonómico e pasaron a ser ferozes críticos de calquera medida adoptada en materia sanitaria pola Xunta. Destaca a férrea oposición ao convenio asinado no 2015 entre o Sergas e a Fundación Amancio Ortega, pola que esta financiou o importe duns contratos xa definidos pola Sanidade pública para a adquisición de novo material de tratamento e diagnóstico do cancro, como os aceleradores lineais ou mamógrafos por valor de 16,8 millóns de euros. Martín chegou a afirmar en televisión que estes aparellos eran innecesarios porque xa había moitos recursos que non se utilizaban por falta de persoal. En novembro de 2021, o Conselleiro de Sanidade revelou no Parlamento que os aceleradores lineais instalados a través desa compra, financiada pola Fundación Amancio Ortega, estiveran activos no 99% do seu tempo programado, polo que non houbo ningunha falta de uso, e que servirían para tratar a máis de 27.000 pacientes con 55 tipoloxías diferentes de enfermidades oncolóxicas, mentres que os mamógrafos realizaron preto de 300.000 probas. A isto se opoñía Manuel Martín e a súa plataforma. En cambio, ante o anuncio do goberno de Sánchez de que a adquisición de novos equipos de protonterapia



para o Sistema Nacional de Saúde, cunha doazón de 280 millóns da mesma fundación, nada tivo que dicir a plataforma SOS Sanidade pública, nin Manuel Martín. Que casualidade! A plataforma SOS integrase a nivel de España na chamada FADSP (Federación de Asociaciones en Defensa de la Sanidad Pública) esta federación, en cuxa directiva está o propio Manuel Martín, tivo tristemente célebres intervencións no inicio da crise do Covid, defendendo que o perigo do virus se magnificaba por intereses económicos. Houbo recortes na Sanidade pública e incremento na privada co goberno do PP da Xunta. Ambas afirmacións son falsas e poden desmentirse nos orzamentos da Xunta. O orzamento do Sergas aumentou un 45% en relación co que aprobou o bipartito para o ano 2009, e non se trata so de investimento en construción de hospitais, que tamén, senón que unha moi boa parte é investimento en persoal. En relación ao 2009, os orzamentos en gastos de persoal aumentaron en 668 millóns de euros, así mesmo, nunca antes houbo tantos profesionais contratados, máis de 45.000, un 24% máis que en 2008, cando había 36.256, 7.500 profesionais máis traballando na Sanidade pública respecto a cando gobernaba a esquerda. A media diaria de profesionais no ano 2008 era de 36.256, a media de profesionais diaria no ano 2024 foi de 45.002. Dende o ano 2008 o BNG dicía que eran precisos 200 millóns de euros para salvar a atención primaria, pois ben, dende ese ano xa se aumentou en máis de 450 millóns nos orzamentos de atención primaria. En canto á privatización, o Consello de Contas resalta que o gasto do Sergas en concertos con medios alleos supuxeron un 4,7% do seu gasto real total. Durante o goberno bipartito esa cifra aumentou un 48% ata superar o 6% do gasto real. Ademais, na pasada lexislatura votouse no Parlamento de Galicia unha resolución que dicía: O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter o control sobre o gasto do Sergas en actividades concertadas con medios alleos mantendo o gasto real neste concepto, en todo caso, por debaixo do 6% do total do gasto real do Sergas. Tal como o Consello de Contas acredita nos seus informes que leva acontecendo no ano 2009. Nin PSOE, nin BNG, apoiaron esa proposta e todos sabemos por qué. Porque se volvesen a gobernar volverían a aumentar os concertos como aumentaron de xeito exponencial nos catro anos nos que estiveron no Goberno da Xunta de Galicia. Potencia a Xunta de Galicia a Saúde pública? Cabe pouco que dicir sobre a xestión da Saúde pública da Xunta en Galicia fronte ó que a plataforma SOS Sanidade pública pide: Galicia conta co cribado neonatal máis completo de España e o calendario vacinal máis completo do mundo, polo tanto, poucas mencións caben dicir dunha asociación satélite do BNG.

Como comprenden, señores do BNG de Cedeira, despois de cerca de 40 anos traballando como asalariado do Servizo Galego de Saúde, eu e os meus compañeiros temos a nosa opinión persoal acerca da Sanidade galega sen que ningunha asociación, nin partido político, a min me indique un criterio a seguir. Unha vez máis, recordarlle ao BNG que estamos en Cedeira e son vostedes os que, nalgún caso, deben velar pola seguridade na saúde dos veciños de Cedeira. Levaron meses, meses... sen que os desfibriladores que están no pavillón polideportivo, no colexio, no Concello, asociación... estiveran en condicións óptimas para o seu funcionamento. En caso dunha emerxencia, unha total falta de eficiencia por parte dos responsables políticos, que xa sei cal va ser a súa resposta, que agora están funcionando. Os actuais responsables políticos e incluso que alguén da vila imparta cursos gratuítos en canto ó manexo dos desfibriladores?

O Sr. Alcalde di: Perdoa, Xulio, perdoa que te interrompa, é que non te escoitei o que dixeches. Se podes ler as últimas tres liñas?

O Sr. Cribreiro García di: Que incluso que algún veciño de Cedeira...

O Sr. Alcalde di: Se ofreceu? Ah, vale! Perdoa.

O Sr. Cribreiro García di: E xa non falemos dos vaivéns do actual grupo de goberno na construción dun novo Centro de saúde en Cedeira. Rogamos que sexan eficientes nas súas competencias municipais e a Xunta se ocupe das súas. Lembrar que Zapatero baixou un 10% o soldo dos funcionarios, incluídos os sanitarios. Pedro Sánchez non é capaz de forzar á Ministra de Sanidade a que aumenten as prazas MIR,



as prazas de médicos internos residentes, para formar máis médicos. Hai centos, hai centos de médicos latinoamericanos, cubanos, venezolanos en España en espera de máis de catro anos para a homologación do seu título e o BNG centralista cala. A Sanidade, como todo na vida, é mellorable, pero repítolle, eu como traballador de, repito de cerca de 40 anos da Sanidade pública, creo que a Sanidade pública goza de boa saúde e ten uns grandes profesionais en todas as categorías. E, por parte do grupo do Partido Popular, non compartimos esa visión catastrofista, negativista do BNG de Santiago, como así ocorreu na Moción do galego, que aproveito aquí para traerlles unhas palabras de Víctor Freixanes, do 16 de marzo na Voz de Galicia de 2025, na que di: *“A lingua galega está moito máis viva do que a xente pensa”*. Nós creemos que a Sanidade galega, en resumen, está tamén máis viva do que o BNG pensa.

O Sr. Alcalde di: Gracias Xulio. Si, Xose?

O Sr. Arribe Rodríguez di: Non sei quen era Martín, non coñezo ao tal Martín, pero debía ser un fenómeno para conseguir que en Vigo foran 12.000 persoas a unha manifestación en defensa da Sanidade pública, 12.000 persoas. Eu, efectivamente, tamén levo moitos anos na Sanidade, ou arredor dela, e podo dicir que isto tivo un aumento importante en canto empezou a Democracia a funcionar e despois perdeuse brutalmente. Por exemplo, cando Mariano Rajoy ordenou que a taxa de reposición de funcionarios fora de un funcionario por cada dez xubilados. E sei que o PP está pedindo que se lles dea o título aos estranxeiros que estudaron nos seus países, non me parece mal. E tamén sei que piden que os médicos poidan traballar ata os 76 anos. Bueno, se se necesita nun momento determinado tampouco me parece mal, pero o que me parece mal é que diga o señor Cribeiro que a Sanidade pública actual, sobre todo a medicina de asistencia primaria, que está moi ben. Nosoutros tivemos aquí fai uns anos un combate cidadán -en Cedeira, non imos extrapolarnos tampouco fóra- un combate cidadán de protestas porque non tiñamos pediatra. E tamén nacen nenos en Cedeira, eh! Nacen nenos e teñen dereito de ser atendidos. Hai unha falta enorme, xa que está dando uns datos importantes, hai 200 centros de saúde que non teñen pediatra. Seguramente ó PP non lle importa moito este dato, pero os que somos vellos queremos que veña xente nova a aguantar do mundo e esa xente nova necesita ser ben atendida. Dicar que estamos... Miren, imos falar de Cedeira, non me vou ir máis lonxe, é verdade. Aquí tivemos que recorrer á Sanidade pública porque veu unha asociación, un grupo de persoas que tiña unha enfermidade moi comprometida que non eran asistidas. Non eran asistidas e recorreron ao Concello, e o Concello foi a falar con quen correspondía do Partido Popular, por suposto, de Ferrol e evidentemente apareceron os profesionais, apareceron as máquinas para facerlles as probas. En fin, os controis foron marabillosos, nun mes resolveron todo. Por qué non o fixeron antes? Imos a ver, no que respecta á atención primaria tamén, seguen quedando montóns de prazas de MIR sen cubrir. Eu supoño que hai moita xente que estuda, que fai o MIR e que non quere ser. Vostede fixo o MIR, señor Cribeiro?

O Sr. Cribeiro García di: Non.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Non, pero hai moita xente que fai o MIR e non lle interesa cando lle conceden a praza para estudar atención primaria. Non queren porque nestes momentos están absolutamente desbordados e vostede, que é un profesional da atención primaria, sabe que ás veces lle toca recibir a bastantes máis enfermos dos que lle corresponden. E que se antes tiña 20 minutos para atender e agora ten 5, en moitos dos casos. É verdade ou non?

O Sr. Cribeiro García di: Contéstolle despois.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Non, non me río, estou preguntando. Se non queres contestar...

O Sr. Cribeiro García di: Eu tampouco.



O Sr. Alcalde di: Dixo que te contestaba despois.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Ah, perdón, perdón, non te oín. Vou un pouco vello e tamén hai que enténdelo. A ver, teño montóns de cousas aquí que non quero chegar a elas. A Sanidade pública está fatal. Eu sufrín a Sanidade e vivín da Sanidade moito tempo. Os hospitais públicos, xa que falou que tanto querían hospitais públicos, resulta que fan un hospital público que a metade da propiedade do hospital público -como é o Álvaro Cunqueiro- é privado. Resulta que o parking dun hospital público é absolutamente privado. Resulta que os servizos que lle dan a ese hospital público: servizos de lavandería, servizos de alimentación, etc., son privados. Agora teñen un problema coa MUFACE con todas estas asociación que antes facían servizos médicos e os médicos non querer atender porque están privatizando todo este tipo de empresas para cobrar moito máis. A ningún médico lle gusta cobrar 25 euros por unha consulta que ao mellor lle leva moito tempo, nin 15. Vostede sabe moi ben como son as cousas porque o está vivindo desde dentro e vostede ten que dicir que a Sanidade pública está moi ben, e que este Martín -que eu non o coñezo- que era un fenómeno do BNG -que eu non o coñezo- e que na época do bipartito que estivemos catro anos alí en Santiago, eu estaba alí en Santiago -que eu non coñecía a Martín- pódolle asegurar, señor Cribreiro, que se fai unha enquisa en Cedeira sobre cómo funciona a Sanidade pública en Galicia, perden por goleada, perden por goleada. Gústame que diga que os do BNG somos os que estamos axitando, entre comiñas, estamos movendo isto da Sanidade pública porque todos os beneficios que chegan, en teoría, son do BNG, pero iso é mentira. O BNG está apoiando o movemento cívico que hai e o PSOE, polo menos o dixo alí en Vigo tamén, apoiando o movemento cívico en contra da mala asistencia que se está percibindo da Sanidade pública. Vostede cree que é posible que por unha caída haxa que ir a Ferrol a facer unha placa para ver se tes un esguince ou se tes unha fractura dun óso? Pois hai que facelo, hai que facelo. Vostede cree que é posible que hai que ir a Ferrol porque aquí hai determinadas probas que non se poden realizar? Por exemplo, unha radiografía, simplemente, ou un determinado tipo de análise. Hai que ir a Ferrol. Vostede dirá o que queira, señor Cribreiro, porque vostede parte de aí, parte da dereita dicindo o que vostedes consideran que teñen que dicir, porque teñen que defenderse despois destes 11 anos que levan no goberno realmente nefastos no que é a xestión da saúde. E dígolle tamén porque recoñezo que hai moitos médicos dentro, non soamente está Martín e vostede, hai moitísimos médicos dentro e moitas médicas, moitas persoas que están na Sanidade e paréceme que con esas cousas que leu aí, son cousas que lle puxeron, que lle escribiron, que lle mandaron dicir, son argumentarios. Eu teño aquí argumentarios tamén bastante, ata trouxen un cacho dun periódico para ler: O 43% do persoal médico de primaria xubilábase en 10 anos. En 10 anos vai haber case a metade dos médicos de primaria, van estar inexistentes porque se van xubilar. 243 prazas de persoal médico de atención primaria permanecen sen cubrir nos centros de saúde de Galicia, 133 delas atópanse nesa situación con carácter permanente por non dispor de titulares e as 110 restantes temporalmente por ausencia de profesionais adscritos na mesma. Isto non o digo eu, son cousas que saen. O BNG de Cedeira non o di, pero o BNG de Cedeira quere que os cidadáns de Cedeira e as cidadás teñan os mellores servizos e, neste momento, o Partido Popular non os está ofrecendo. Non os ofrece. Bueno, nosoutros imos votar positivamente esta moción que fixemos e ademais facémola con moito orgullo de que sabemos que imos a axudar a moita xente a que poida ser atendida moito antes e mellor que antes.

O Sr Alcalde di: Ben. Xulio, tes segundo turno de palabra.

O Sr. Cribreiro García di: No que respecta á falta de profesionais, se vostede hoxe en día fose Xerente de Atención Primaria da Área Sanitaria en Ferrol, cómo reaccionaría cando non ten pediatras titulados? Porque durante moito tempo a pediatría tamén foi exercida polos médicos xerais, con varios cursos atendían nenos. Eu, de feito, cando estiven en Cedeira atendía a nenos, moitas veces. Se non hai profesionais de onde os saca? A única forma de sacar ós profesionais é formándose a través do sistema



MIR, que o aumente o Goberno central que é o que ten as competencias nas prazas MIR. Prazas MIR, de formación MIR.

O Sr. Arribe Rodríguez di: As competencias médicas están transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia.

O Sr. Cribreiro García di: Eu quero dicirlle que na entrevista que tivemos co Conselleiro de Sanidade, unha das peticións que lle fixen, na entrevista previa que tamén tiveron con el, foi que se dotase ó Centro de saúde de Cedeira de raios-X. Claro que os profesionais teñen dereito tamén a xubilarse, qué vai pasar? Pode pasar un colapso, claro. Non hai, non hai profesionais porque non se forman. Quén ten a competencia de formación? O Ministerio de Sanidade. Na súa moción -que as nosas di que nolas escriben e as súas tamén, eh- na súa moción chámame a atención moitísimo cando din máis atención primaria, accesibles en 24/48 horas como máximo e voulle contestar, voulle contestar. No día de hoxe, na parte profesional que a min respecta en canto á atención primaria, no centro de saúde onde eu estou traballando aténdese ás persoas no día, no día, non se esperan 24/48 horas. En teoría, deberían de ser urxencias, non vou entrar nin a valorar por se terxivérsanse as miñas palabras, pero no día aténdense a todas as persoas que o solicitan. E voulle dar un dato de hoxe, eu hoxe, a parte da xente citada que tiña, atendín a 10 persoas a maiores. Claro que nosoutros, a pesar do que vostede di, queremos a mellor Sanidade para Cedeira e niso estamos. E tamén dicimos, que tamén llo dixen na resposta primeira, claro que é mellorable a Sanidade, é mellorable, sen lugar a dúbidas. A Sanidade de hoxe en día non é a que eu vivín en Cedeira cando era un neno, nin é a que eu vivín en Cedeira cando eu traballei en Cedeira con gardas de 24 horas en domicilio, sen un profesional ao lado, sen uns recursos que hoxe en día teñen. Que é mellorable? Por suposto, e nosoutros apostamos para que a Sanidade pública sexa mellorable, pero, desde logo, nós non imos ir a este tipo de manifestacións.

O Sr. Alcalde di: Remataches, Xulio?

O Sr. Cribreiro García di: Si, si.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Imos a ver, non imos volver ao pasado porque vostede estivo de médico aquí, alá e tal. Todo o mundo ten a súa historia profesional, eu tamén ía polas aldeas quitando os crucifixos das camas para poñer a sangue e poñer as transfusións, que era o que había naqueles tempos do cuplé -que dixeran os meus-. Eu dígolle, señor Cribreiro, vostede en Vigo pida unha cita para ir ao médico porque ten unha enfermidade e ata a próxima semana non se pode recibir porque está petado. Pida unha cita. É unha cidade un pouco importante. Pida unha cita en Cedeira, pida unha cita en Cedeira, necesito tal, veña mañá. Non é así, hai cousas... A xente é moito máis lista e ten que adaptarse ás situacións. Se eu teño un problema grave nestes momentos, se eu teño un problema que eu considero que é grave, evidentemente xa vou a urxencias porque é o que se está conseguindo. É dicir, se non funciona a atención primaria, se sobrecargan as urxencias, que iso é unha cousa que non están controlando. Iso sabémolo ver, verdade? Porque urxencias está colapsada porque os centros de saúde non teñen servizo. E é un servizo que deben de ter para aliviar ós cedeireses. Eu quero pedir perdón, fixemos aquí un pequeno debate semiprofesional. Vostede é médico eu non son médico, pero estamos tamén nos hospitais, son enfermeiro. Non quero facer un debate persoal desta historia. O BNG ten unha historia que vai seguindo e vai continuamente detrás dela, igual que a ten o PSOE e a teñen vostedes, seguramente. Non sei, eu de vostedes non a sei porque o outro día quedei sorprendido cando me dixo que o primeiro Presidente da Xunta fora... Cómo me dixo? Un médico de Santiago, médico xeral, Gerardo Fernández Albor. Un home que era piloto de aviación na 2ª Guerra dos cazas dos *Spitfire* alemáns, que estudou alemán alí e estivo facendo a carreira en Alemaña. Foi -estoume extralimitando, perdón- nomeado polo sucesor do ditador, que o nomeou, o señor Fraga Ibarne, nomeou a este nome fronte á Xunta. Pero bueno, volvamos ó tema, nosoutros presentamos esta moción e imos a defendela aquí, en Camariñas, na Pobra, en Vigo, en



Barcelona e onde sexa, e onde sexa porque pensamos que é así, e pensamos que quen ten as competencias cedidas da medicina en Galicia é o Goberno Galego. E neste momento o Goberno Galego é o do PP, entón pedimos -piden- pedimos dende esta plataforma mellorías en certas cousas que creemos que temos razón en pedilas.

O Sr. Alcalde di: Vale, moi ben. Grazas aos dous. Pola nosa parte imos apoiar esta moción e tamén dicir, xa que se falou do que foi o presidente da Xunta, que contrariamente ó que se dixo o outro día non foi do Partido Popular, era da Alianza Popular.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Si, si. Xusto, perdoa. Bueno, permítesme, Alcalde, que se me quedou unha cousa que dicir? Podo dicir outra cousa que dixeches, Xulio?

O Sr. Cribeiro García di: Si, si.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Que resulta que ti estás dicindo que estamos bombardeando un pouco co tema do novo Centro de saúde, desde que viñemos daquela reunión co Conselleiro de Sanidade, o Goberno non deixou de facer xestións para poñer os terreos a disposición do centro. O Alcalde estivo, neste momento, facendo esas cousas, nese tempo dende que eu saín. Bueno, nosoutros non tivemos reunión previa co Concelleiro de Sanidade, vostedes si.

O Sr. Alcalde di: Grazas, Xosé. Nada, unha pequeniña intervención, si que, ao final de todo isto, o grupo de Goberno e o grupo de Goberno anterior e o grupo de Goberno anterior e o grupo de Goberno que houbo entre o ano 2007 e 2011, pode estar ben orgulloso de todo o traballo que se fixo para que Cedeira poda contar cun novo Centro de saúde e ogallá o Partido Popular, naquel momento, pois tivese máis altura de miras e non deixase perder aquela subvención. É un traballo moi longo e nos sentimos moi orgullosos todas as persoas que estivemos neses gobernos traballando por e para o noso pobo.

Sobre o tema da Sanidade, bueno, eu creo que todos debemos de ter un pouco máis de altura de miras. Eu entendo perfectamente que se queira votar en contra dunha moción presentada polo BNG, simplemente polo obxecto de que o presente o BNG, pero realmente todos queremos que a Sanidade sexa mellor, todos queremos que a Educación sexa mellor e o que está claro é que a Sanidade é onde máis nos debemos de apoiar. Que é mellorable? Por suposto que é mellorable, e de iso se trata. Eu creo que plantexar cousas que van nunha moción e introducir melloras a ela sempre é digno, digamos que sempre estamos pensando a favor da nosa veciñanza. En Cedeira a Sanidade, como en Galicia, pois debe mellorar, e bastante. Eu creo que se calquera de vosoutros entra agora na aplicación do Sergas e pide unha cita médica ou unha cita só para unas receitas que te poden dar para dentro de 15 días, como me pasou a min. Entón, creo que os que estamos aquí somos unha Corporación local, nosoutros non lexislamos, nosoutros estamos aquí cada catro anos con diferentes mandatos. Unha Corporación onde todos e todas temos dereito e podemos falar, e iso é o bonito, e onde todas estas reivindicacións serven para mellorar. Non estamos aquí agora de criticar. Tamén a Manuel Martín este a verdade é que non o coñezo de nada. Non sei se será bo ou será malo, pero bueno se está hoxe por aquí non volve por Cedeira, está claro, non? Pero bueno o bipartito tería xente boa e igual tería xente que non era tan boa. Eu voulle poñer un exemplo, igual vostede a coñece; Ethel Vázquez, que agora foi Conselleira do Partido Popular durante creo que polo menos 8 anos, Conselleira de Infraestruturas e está agora na Mesa do Parlamento. Foi Directora Xeral de Augas no bipartito, así que imaxínate o bipartito debería contratar ás mellores persoas para os postos máis importantes. E despois bueno, neste caso, ela politicamente tería a súa ideoloxía e se iría para onde ela quixo.

Despois falástedes un pouquiño do que son o tema das aportacións que se fan, efectivamente, a través de empresas privadas, neste caso de Amancio Ortega. A Sanidade pública creouse precisamente para a cidadanía, a Sanidade pública xestiónase a base de impostos, e os impostos o que fan é equilibrar que os que máis teñen e os que menos teñen poidan ter a mesma atención sanitaria e iso é o importante. Si, eu -



non teño por que- agradézolle perfectamente a Amancio Ortega que fixera esa donación, pero tamén me gustaría que a maioría das súas empresas cotizaran en Galicia e realmente solo igual con pagar os impostos pois non tería que facer esa doazón, creo que sería máis importante. E falo de Amancio Ortega porque se citou aquí e como el haberá moitos máis. Ao final, as empresas o que son, son negocios, igual que son negocios a sanidade privada que non deixa de ser un negocio que xoga coa Sanidade pública. Imos aos casos prácticos, o outro día falábamos da Educación e dun rapaz de Cedeira que tivo problemas coa súa pequena, pois eu vou poñer dous exemplos.

Sendo as 21:00 horas a Concelleira do Partido Popular, D^a Olga Iglesias Bereijo, abandona o Salón de Plenos.

O Sr. Alcalde continúa dicindo: Decía que poñía dous exemplos, nos exemplos é onde se ve a problemática que pode ter hoxe en día a Sanidade. O primeiro, creo que non fai falta que o repita, que foi o que falou Xosé co tema das persoas que están enfermas de cancro e precisaron probas cada 3 meses e lles están facendo cada 7-8 meses. Poño outro exemplo, dun rapaz de aquí, de Cedeira, que tivo un percance, bueno un trastorno, unha enfermidade fai case 4 ou 5 anos, creo, e estaba pendente dunha resonancia para facer unha operación. Durante 2 anos e medio esa persoa non puido... Bueno, presentou varias reclamacións e non houbo maneira de que lle fixeran a resonancia, e a única solución que lle daban no hospital era que a fixera no privado e que a levara ao público.

Sendo as 21:01 horas a Concelleira do Partido Popular, D^a Olga Iglesias Bereijo, reincorpórase ao Salón de Plenos.

O Sr. Alcalde continúa dicindo: O que fixemos, dende o grupo de Goberno, foi poñernos en contacto coa Xerente da Área Sanitaria de Ferrol, a cal nos atendeu perfectamente e lle estamos súper e máis que agradecidos, e aos 10 días esta persoa tiña a resonancia feita e aos 15 días tiña a consulta médica e agora, seguramente, dentro de pouco pois o operarán. Isto é realmente como funciona a Sanidade pública. A Sanidade pública funciona se tes alguén que te coñeza, se tes a alguén que poida axudarche dunha maneira ou doutra e pois é realmente como chegamos aí. Vai tamén para todos eles o agradecemento persoal que creo que temos todos hacia os sanitarios que hai, dende a primeira persoa que hai, tanto celador, como limpeza. Entón, calquera de nós que temos a unha persoa, a un familiar ou amigo no hospital pois realmente pasa iso.

Por qué se nos vai a xente? Se nos vai a xente porque temos uns salarios precarios comparados coa Sanidade pública, se nos vai a xente porque se fan multitude de contratos e iso é unha realidade que pasa agora. Pasou co tema das prazas, o que está reclamando agora o Partido Popular, pasou realmente cando estaba gobernando Mariano Rajoy e é verdade que a taxa de reposición foi, incluso nos concellos, taxa de reposición cero, polo cal nos quedamos sen servizos. A nivel municipal o único que interesaba era unha reclamación de impostos, en vez de contratar persoal, pois tiñas que contratar empresa, polo cal esas empresas te facturaban e ese IVE ía para o Goberno e se recuperaba o diñeiro, non? Pero creo que este tipo de mocións e manifestacións que todos creemos que son necesarias, non creo que teñan que abrir un debate entre todos nós, porque creo que son cousas que se deben de traballar -como dixeran antes- de seguir potenciando e seguir mellorando. Que a atención que haxa en Cedeira e no resto de Galicia sexa a mellor, e poñernos todos de acordo para sumar, porque realmente os veciños e veciñas de Cedeira nos votan para que sumemos, non nos votan para que defendamos o que nos marcan os partidos. Realmente os partidos, ás veces, marcan o que eles queren, pero non os intereses que temos como cidadáns.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.



7. DAR CONTA DOS REPAROS E ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS NO 2024

Dáse conta ao Pleno do informe da Intervención, asinado dixitalmente con data 17.03.2025, que literalmente di:

“INFORME DA INTERVENCIÓN AO PLENO

ASUNTO: REPAROS E ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS NO 2024

O presente informe ten como obxecto ofrecer información máis completa ás concelleiras e concelleiros do Concello respecto do estipulado no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Le Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL). O artigo 218 do TRLRFL, modificado pola Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sinala ao respecto:

“1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2. Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3. El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local.”

Asimesmo, o artigo 15.6 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril polo que se regula o réxime de control interno das entidades locais, que dispón:

“6. Con ocasión de la dación de cuenta de la liquidación del Presupuesto, el órgano interventor elevará al Pleno el informe anual de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, o, en su caso, a la opinión del órgano competente de la Administración que ostente la tutela al que se haya solicitado informe, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación”.

En cumprimento do disposto anteriormente, elévase ao Pleno informe comprensivo das resolucións contrarias aos reparos efectuados. Inclúense tamén os reparos levantados polo Pleno para facilitar a rendición ao Tribunal de Contas e que os membros da corporación teñan coñecemento da relación completa a remitir.



Primeiro. Esta Intervención municipal ten constancia dos seguintes informes de reparo efectuados ou resoltos no exercicio 2024, facendo un total de 58 rexistros que seguidamente se relacionan:

Nº REPARO	DATA REPARO	CONCEPTO	IMPORTE REPAROS	ORGANO RESOLUCION	DATA LEVANTAMENTO	EXPEDIENTE
01-2024	20/02/2024	REL F-2024-2	87.324,42 €	ALCALDE	22/02/2024	EXP 2024/G003/000093
02-2024	20/02/2024	REL F-2024-3 (GAS)	16.596,04 €	ALCALDE	22/02/2024	EXP 2024/G003/000094
03-2024	27/03/2024	REL F-2024-5. REX 01-2024	130.692,50 €	PLENO	18/04/2024	EXP 2024/G006/000121
04-2024	04/03/2024	REL F-2024-6	45.514,94 €	ALCALDE	04/03/2024	EXP 2024/G003/000123
05-2024	04/03/2024	REL F-2024-7 (GAS)	20.018,51 €	ALCALDE	04/03/2024	EXP 2024/G003/000124
06-2024	08/03/2024	REL F-2024-9	50.472,37 €	ALCALDE	09/03/2024	EXP 2024/G003/000137
07-2024	12/03/2024	REL F-2024-10 (XGL)	114.932,05 €	ALCALDE	15/03/2024	EXP 2024/G006/000087
08-2024	02/04/2024	REL F-2024-12	15.554,82 €	ALCALDE	03/04/2024	EXP 2024/G003/000183
09-2024	02/04/2024	REL F-2024-13 (GAS)	13.274,79 €	ALCALDE	03/04/2024	EXP 2024/G003/000184
10-2024	22/04/2024	REL F-2024-14	42.189,92 €	ALCALDE	23/04/2024	EXP 2024/G003/000215
11-2024	25/04/2024	REL F-2024-15 (XGL)	41.109,85 €	ALCALDE	26/04/2024	EXP 2024/G006/000147
12-2024	25/04/2024	REL F-2024-16 (GAS)	10.235,01 €	ALCALDE	25/04/2024	EXP 2024/G003/000225
13-2024	02/05/2024	REL F-2024-17	17.965,36 €	ALCALDE	03/05/2024	EXP 2024/G003/000231
14-2024	14/05/2024	REL F-2024-18	40.941,59 €	ALCALDE	14/05/2024	EXP 2024/G003/000255
15-2024	23/05/2024	REL F-2024-19	7.758,40 €	ALCALDE	24/05/2024	EXP 2024/G003/000274
16-2024	28/05/2024	REL F-2024-20	5.939,86 €	ALCALDE	29/05/2024	EXP 2024/G003/000287
17-2024	04/06/2024	REL F-2024-22	100.921,72 €	ALCALDE	05/06/2024	EXP 2024/G003/000304
18-2024	29/01/2024	NOMINA ENERO	2.120,00 €	ALCALDE	29/01/2024	EXP 2024/G003/000054
19-2024	27/02/2024	NOMINA FEBRERO	2.120,00 €	ALCALDE	27/02/2024	EXP 2024/G003/000105
20-2024	26/03/2024	NOMINA MARZO	2.120,00 €	ALCALDE	26/03/2024	EXP 2024/G003/000144
21-2024	26/04/2024	NOMINA ABRIL	2.040,00 €	ALCALDE	26/04/2024	EXP 2024/G003/000182
22-2024	28/05/2024	NOMINA MAIO	2.040,00 €	ALCALDE	28/05/2024	EXP 2024/G003/000281
23-2024	11/06/2024	REL F-2024-24	39.116,11 €	ALCALDE	12/06/2024	EXP 2024/G003/000322
24-2024	09/07/2024	CERTIF 5-FINAL DA OBRA DE AMPLIACIÓN POLIDEPORTIVO	6.586,74 €	ALCALDE	09/07/2024	EXP 2024/G003/000369
25-2024	09/07/2024	CERTIF. 13-ÚLTIMA DA OBRA DE MELLORA BEIRARRÚAS	4.871,59 €	ALCALDE	10/07/2024	EXP 2024/G003/000370
26-2024	02/07/2024	REL F-2024-25 (GAS)	8.439,29 €	ALCALDE	02/07/2024	EXP 2024/G003/000355
27-2024	04/07/2024	REL F-2024-26	19.943,36 €	ALCALDE	05/07/2024	EXP 2024/G003/000362
28-2024	18/07/2024	REL F-2024-27	157.725,29 €	ALCALDE	18/07/2024	EXP 2024/G003/000384
29-2024	23/07/2024	REL F-2024-28	7.818,65 €	ALCALDE	23/07/2024	EXP 2024/G003/000400
30-2024	09/08/2024	REL F-2024-29	5.817,44 €	ALCALDE	09/08/2024	EXP 2024/G003/000439
31-2024	26/08/2024	REL F-2024-30	50.249,90 €	ALCALDE	27/08/2024	EXP 2024/G003/000465
32-2024	26/08/2024	REL F-2024-31 (GAS)	8.002,56 €	ALCALDE	27/08/2024	EXP 2024/G003/000467
33-2024	27/08/2024	REL F-2024-32 (XGL)	41.109,85 €	ALCALDE	28/08/2024	EXP 2024/G006/000263
34-2024	30/08/2024	REL F-2024-33	38.712,51 €	ALCALDE	30/08/2024	EXP 2024/G003/000471
35-2024	26/06/2024	NOMINA XUÑO	2.040,00 €	ALCALDE	27/06/2024	EXP 2024/G003/000341



36-2024	26/09/2024	REL F-2024-34 (XGL)	98.716,24 €	ALCALDE	26/09/2024	EXP 2024/G006/000289
37-2024	25/09/2024	REL F-2024-35	29.308,96 €	ALCALDE	26/09/2024	EXP 2024/G003/000521
38-2024	26/09/2024	REL F-2024-36	10.054,60 €	ALCALDE	26/09/2024	EXP 2024/G003/000524
39-2024	09/10/2024	REL F-2024-37	70.018,42 €	ALCALDE	09/10/2024	EXP 2024/G003/000554
40-2024	24/10/2024	REL F-2024-39 (GAS)	10.813,33 €	ALCALDE	24/10/2024	EXP 2024/G003/000580
41-2024	24/10/2024	REL F-2024-40	5.183,10 €	ALCALDE	25/10/2024	EXP 2024/G003/000581
42-2024	06/11/2024	REL F-2024-42	81.735,63 €	ALCALDE	07/11/2024	EXP 2024/G003/000628
43-2024	12/11/2024	REL F-2024-43	48.317,65 €	ALCALDE	12/11/2024	EXP 2024/G003/000637
44-2024	12/11/2024	REL F-2024-44 (GOODLIFE)	64.041,40 €	ALCALDE	13/11/2024	EXP 2024/G003/000638
45-2024	18/11/2024	REL F-2024-46 (XGL)	41.109,85 €	ALCALDE	19/11/2024	EXP 2024/G006/000358
46-2024	22/11/2024	REL F-2024-47	25.459,43 €	ALCALDE	22/11/2024	EXP 2024/G003/000671
47-2024	22/11/2024	REL F-2024-48 (GAS)	14.253,30 €	ALCALDE	25/11/2024	EXP 2024/G003/000672
48-2024	10/12/2024	REL F-2024-49	53.065,89 €	ALCALDE	11/12/2024	EXP 2024/G003/000695
49-2024	16/12/2024	REL F-2024-50	25.498,90 €	ALCALDE	17/12/2024	EXP 2024/G003/000705
50-2024	16/12/2024	REL F-2024-51 (XGL)	82.219,70 €	ALCALDE	18/12/2024	EXP 2024/G006/000392
51-2024	20/12/2024	REL F-2024-52	3.340,24 €	ALCALDE	20/12/2024	EXP 2024/G003/000719
52-2024	20/12/2024	REL F-2024-53 (GAS)	19.911,12 €	ALCALDE	20/12/2024	EXP 2024/G003/000721
53-2024	29/08/2024	NOMINA AGOSTO	2.040,00 €	ALCALDE	29/08/2024	EXP 2024/G003/000420
54-2024	26/09/2024	NOMINA SEPTIEMBRE	2.040,00 €	ALCALDE	26/09/2024	EXP 2024/G003/000492
55-2024	29/10/2024	NOMINA OCTUBRE	2.040,00 €	ALCALDE	29/10/2024	EXP 2024/G003/000602
56-2024	27/11/2024	NOMINA NOVIEMBRE	2.040,00 €	ALCALDE	27/11/2024	EXP 2024/G003/000609
57-2024	26/12/2024	NOMINA DICIEMBRE	2.040,00 €	ALCALDE	26/12/2024	EXP 2024/G003/000703
58-2024	20/11/2024	GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS	6.042,25 €	ALCALDE	21/11/2024	EXP 2024/X999/000227

Segundo. Anomalías en materia de ingresos.
Non existen anomalías en materia de ingresos.”

O Pleno queda enterado.

8. DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2024

Dáse conta ao Pleno do decreto de Alcaldía núm. 119/2025, de data 13.03.2025, que di:

“Expediente núm.: 2025/T019/000001

Asunto: Aprobación da liquidación do orzamento do ano 2024

DECRETO DE ALCALDÍA

Vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os artigos 89 a 105 do Real Decreto Lexislativo 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Regras 78 a 86 da Instrución de contabilidade para a Administración Local, de 23 de novembro de 2004 e as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Cedeira polo que respecta á liquidación do Orzamento.



Visto que con data 11 de marzo de 2025, incoouse procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2024.

Visto que con data 13 de marzo de 2025, foi emitido informe da Intervención de control financeiro permanente da liquidación do orzamento do ano 2024, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Visto que con data 13 de marzo de 2025, emitíuse informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e do cumprimento da regra de gasto no que se indica que “*Conclusiones sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto:*

- *A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2024, INCUMPRE o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.*
 - *A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2024, INCUMPRE o obxectivo da regra de gasto.*
 - *A Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2024, CUMPRE con límite de débeda pública.*
- (...)

Como consecuencia do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, o concello de Cedeira deberá formular un plan económico-financeiro, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF, que permita no ano en curso e o seguinte, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto”.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2024 co seguinte resumo:

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

Desglose de los gastos corrientes		Ejercicio Corriente				Ejercicios cerrados
		Créditos iniciales	Créditos definitivos	Obligaciones ReconocidasNetas	Pagos Líquidos	Pagos Líquidos
1	GASTOS DE PERSONAL	3.389.514,14	3.120.157,11	2.781.440,48	2.734.881,40	44.790,40
2	GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	2.001.721,48	3.630.191,17	3.088.088,72	3.088.020,04	227.686,47
3	GASTOS FINANCIEROS	4.100,00	4.100,00	2.237,39	2.237,39	
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	414.244,86	427.794,86	411.908,92	411.467,92	500,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS					
Total Gastos Corrientes		5.809.580,48	7.182.243,14	6.283.675,51	6.236.606,75	272.976,87

Desglose de los gastos de operaciones de capital y financieras		Ejercicio Corriente				Ejercicios cerrados
		Créditos iniciales	Créditos definitivos	Obligaciones ReconocidasNetas	Pagos Líquidos	Pagos Líquidos
6	INVERSIONES REALES	575.307,79	2.507.872,57	1.013.093,56	1.013.093,56	130.605,54
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	46.000,00	46.000,00	36.000,00	36.000,00	



8	ACTIVOS FINANCIEROS	3.000,00	6.000,00	5.679,36	5.679,36	
9	PASIVOS FINANCIEROS		38.905,61	38.905,61	38.905,61	
	Total Gastos de Capital y Financieros	624.307,79	2.598.778,18	1.093.678,53	1.093.678,53	130.605,54

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

Desglose de los ingresos corrientes		Ejercicio Corriente				Ejercicios cerrados
		Previsiones iniciales	Previsiones definitivas	Derechos ReconocidosNetos	Recaudación Líquida	Recaudación Líquida
1	IMPUESTOS DIRECTOS	2.166.405,15	2.166.405,15	2.067.139,64	2.067.139,64	
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	65.000,00	65.000,00	71.450,17	71.450,17	
3	TASAS Y OTROS INGRESOS	915.185,13	915.185,13	835.751,64	835.064,39	
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	2.629.649,86	3.444.694,32	3.229.280,93	3.229.280,93	
5	INGRESOS PATRIMONIALES	120.167,00	120.167,00	131.566,48	131.566,48	
	TOTAL INGRESOS CORRIENTES	5.896.407,14	6.711.451,60	6.335.188,86	6.334.501,61	

Desglose de los ingresos de operaciones de capital y financieras		Ejercicio Corriente				Ejercicios cerrados
		Previsiones iniciales	Previsiones definitivas	Derechos ReconocidosNetos	Recaudación Líquida	Recaudación Líquida
6	ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES					
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	537.481,13	1.574.678,20	526.105,30	526.105,30	
8	ACTIVOS FINANCIEROS		1.494.891,52	4.426,56	2.015,14	
9	PASIVOS FINANCIEROS					
	Total Ingresos de Capital y Financieros	537.481,13	3.069.569,72	530.531,86	528.120,44	

--	--	--	--	--	--



Gastos	(A) Obligaciones pendientes de pago a 31/12/2023 (ejercicios cerrados))	(B) Modificaciones, Anulaciones y Prescripciones de las Obligaciones pendientes de pago a 31/12/2023 (ejercicios cerrados), a fin del ejercicio)	Obligaciones reconocidos netas a fin de ejercicio	Pagos líquidos del ejercicio corriente			(C) Pagos líquidos de ejercicios cerrados
	Total	Total	Total	No incluidos en los cálculos del período medio de pago a proveedores	Incluidos en los cálculos del período medio de pago a proveedores	Total	Total
Total Gastos	408.151,06		7.377.354,04	494.290,28	6.835.995,00	7.330.285,28	403.582,41
1 Gastos de personal	46.827,32		2.781.440,48	0,00	2.734.881,40	2.734.881,40	44.790,40
2 Gastos en bienes corrientes y servicios	228.859,31		3.088.088,72		3.088.020,04	3.088.020,04	227.686,47
3 Gastos financieros	0,00		2.237,39	2.237,39	0,00	2.237,39	
4 Transferencias corrientes	1.662,87		411.908,92	411.467,92	0,00	411.467,92	500,00
5 Fondo de contingencia y Otros imprevistos	0,00			0,00	0,00		
6 Inversiones reales	130.801,56		1.013.093,56	0,00	1.013.093,56	1.013.093,56	130.605,54
7 Transferencias de capital	0,00		36.000,00	36.000,00	0,00	36.000,00	
8 Activos financieros	0,00		5.679,36	5.679,36	0,00	5.679,36	
9 Pasivos financieros	0,00		38.905,61	38.905,61	0,00	38.905,61	

Gastos	Obligaciones pendientes de pago al 31/12/2024		
	De Ejercicios cerrados	Del Ejercicio corriente	Total



		No incluídas en los cálculos del período medio de pago a proveedores	Incluídas en los cálculos del período medio de pago a proveedores	(A-B-C) Total	No incluídas en los cálculos del período medio de pago a proveedores	Incluídas en los cálculos del período medio de pago a proveedores	Total	Total
	Total Gastos	4.568,65	0,00	4.568,65	47.068,76	0,00	47.068,76	51.637,41
1	Gastos de personal	2.036,92	0,00	2.036,92	46.559,08	0,00	46.559,08	48.596,00
2	Gastos en bienes corrientes y servicios	1.172,84	0,00	1.172,84	68,68	0,00	68,68	1.241,52
3	Gastos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4	Transferencias corrientes	1.162,87	0,00	1.162,87	441,00	0,00	441,00	1.603,87
5	Fondo de contingencia y Otros imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00		0,00
6	Inversiones reales	196,02	0,00	196,02	0,00	0,00	0,00	196,02
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8	Activos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Ingresos	(A) Derechos pendientes de cobro a 31/12/2023 (ejercicios cerrados)	(B) Modificaciones,Cancelaciones o Anulaciones de los Derechos Pendientes de Cobro a 31/12/2023 (ejercicios cerrados), a fin del ejercicio	Derechos reconocidos netos a fin de ejercicio	Recaudación líquida del ejercicio corriente a fin de ejercicio	(C) Recaudación líquida de ejercicios cerrados hasta el fin del ejercicio	Derechos pendientes de cobro al 31/12/2024		
						(A-B-C) De ejercicios cerrados	Del ejercicio corriente	Total
Total Ingresos	11.382,91	0,00	6.865.720,72	6.862.622,05		11.382,91	3.098,67	14.481,58
1 Impuestos directos	0,00	0,00	2.067.139,64	2.067.139,64		0,00	0,00	0,00



2	Impuestos indirectos	0,00	0,00	71.450,17	71.450,17		0,00	0,00	0,00
3	Tasas y otros ingresos	10.148,71	0,00	835.751,64	835.064,39		10.148,71	687,25	10.835,96
4	Transferencias corrientes	0,00	0,00	3.229.280,93	3.229.280,93		0,00	0,00	0,00
5	Ingresos patrimoniales	1.234,20	0,00	131.566,48	131.566,48		1.234,20	0,00	1.234,20
6	Enajenación de inversiones reales	0,00	0,00				0,00		0,00
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	526.105,30	526.105,30		0,00	0,00	0,00
8	Activos financieros	0,00	0,00	4.426,56	2.015,14		0,00	2.411,42	2.411,42
9	Pasivos financieros	0,00	0,00				0,00		0,00

En canto ao **saldo de remanentes de crédito** sería o seguinte:

Situación de Remanentes	
Comprometidos:	870.901,00
Retenidos:	878.110,02
Autorizados:	40.316,53
Disponibles:	614.339,73
No Disponibles:	0,00
No Comprometidos:	1.532.766,28
Total:	2.403.667,28

O **resultado orzamentario** é o seguinte:

Conceptos	Derechos Reconocidos Netos (C1)	Obligaciones Reconocidas Netas (C2)	Resultado Presupuestario (C3=C1-C2)
a. Operaciones corrientes	6.335.188,86	6.283.675,51	51.513,35



b. Otras operaciones no financieras	526.105,30	1.049.093,56	-522.988,26
1.- Total Operaciones no financieras (a + b)	6.861.294,16	7.332.769,07	-471.474,91
2. Activos financieros	4.426,56	5.679,36	-1.252,80
3. Pasivos financieros		38.905,61	-38.905,61
A. Resultado Presupuestario del ejercicio (1+2+3)	6.865.720,72	7.377.354,04	-511.633,32
Ajustes:			
4. Créditos gastados financiados con Remanente de tesorería para gastos generales			513.106,37
5. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio			405.244,84
6. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio			277.964,57
B. Resultado Presupuestario Ajustado (A + 4 + 5 - 6)			128.753,32

No referente ao **Remanente de Tesourería** resultan os seguintes datos:

Conceptos	
1.(+) FONDOS LÍQUIDOS	1.340.547,17
2.(+) TOTAL DERECHOS PENDIENTES DE COBRO	17.631,43
(+) Del Presupuesto corriente	3.098,67
(+) De Presupuestos cerrados	11.382,91
(+) De Otras operaciones no presupuestarias	3.149,85
3.(-) TOTAL OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO	539.513,91
(+) Del Presupuesto corriente	47.068,76
(+) De Presupuestos cerrados	4.568,65
(+) De Operaciones no presupuestarias	487.876,50
4.(+) PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN	-138,45
(-) Cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	138,45
(+) Pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	0,00
I. REMANENTE DE TESORERÍA TOTAL (1+2-3+4)	818.526,24
II. Saldos de dudoso cobro	10.213,43
III. Exceso de financiación afectada	71.670,50
IV. REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES (I-II-III)	736.642,31
V. Saldo de obligaciones pendientes de aplicar al Presupuesto a final de período (1)	0,00
VI. Saldo de acreedores por devolución de ingresos a final de periodo	1.589,20
VII. REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES AJUSTADO(IV-V-VI)	735.053,11

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordenar a remisión telemática de dita Liquidación a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, da 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.”

O Pleno queda enterado.



9. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº Decreto	Asunto
00047/2025	DESIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADES AOS TRABALLADORES DON JAVIER NÚÑEZ GONZÁLEZ, DON CASIMIRO GARCÍA GARCÍA E DON JAVIER CALVO RODRÍGUEZ POLAS XESTIÓNS EXTRAORDINARIAS REALIZADAS.
00048/2025	NÓMINA XANEIRO 2025
00049/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034216 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00050/2025	CAMBIO DE PLACA DE VAO (EXPEDIENTE: 2023/V008/000025)
00051/2025	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE CARTEIS 8M CEDEIRA
00052/2025	ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES A OBRA DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. POS+2025 COMPLEMENTARIO
00053/2025	ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES A OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA. POS+2025 COMPLEMENTARIO
00054/2025	XUSTIFICACIÓN DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 470/2024 DO 09.09.2024 EXPTE 2024/S009/000024
00055/2025	ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O INVESTIMENTO INCLUIDO NO POS+2025 DENOMINADO MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS 192 E OUTROS 10
00056/2025	APROBACIÓN PAGO PONENCIA "COMO FALAR COS TEUS FILLOS DE SEXO"
00057/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034252 RESOLUCIÓN SANCIONADORA RESOLUCIÓN SANCIONADORA
00058/2025	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO DA SUBVENCIÓN TR351F RISGA 2020 / 5-1
00059/2025	SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS
00060/2025	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 06.02.2025
00061/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034286 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00062/2025	EXPTE: 2025/X998/000009 CONSULTA DE EXPEDIENTE SOLICITADO POR D. JUAN MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ
00063/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-7
00064/2025	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XANEIRO DE 2025
00065/2025	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 2024/X999/000220 RECLAMACIÓN DE DANOS OCASIONADOS NUN BEN MUNICIPAL (ALUMEADO PÚBLICO)
00066/2025	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE DO 17 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA LA IMPLANTACIÓN DE RECOGIDAS SEPARADAS DE



	BIORRESIDUOS, ACEITES DE COCINA USADOS Y TEXTILES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA O ANO 2025 - CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975T
00067/2025	EXP. 2021/U022/000011 - ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISTIMENTO
00068/2025	EXP. 2021/U022/000018 - ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISTIMENTO
00069/2025	DECLARACIÓN DA CADUCIDADE E ARQUIVO DO EXP. 2022/U022/000011
00070/2025	CONTESTACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR D. XULIO CRIBEIRO GARCIA, VOCEIRO DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR, NA DATA 07.02.2025 (REX ENTRADA Nº 0437). EXPTE 2025/X006/000024
00071/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-8
00072/2025	EXPTE 2022/U022/000032 DECLARACIÓN DA CADUCIDADE E ARQUIVO
00073/2025	EXP. 2022/U022/000038 - DECLARACIÓN DA CADUCIDADE E ARQUIVO
00074/2025	CONTESTACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR D. XULIO CRIBEIRO GARCIA, VOCEIRO DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR, NA DATA 07.02.2025 (REX ENTRADA Nº 0438). EXPTE 2025/X006/000025
00075/2025	2022/U022/000041 - DECLARACIÓN DA CADUCIDADE E ARQUIVO
00076/2025	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 660/2024 DO 02/12/2024 EXPTE TEDEC
00077/2025	XUSTIFICACION AES CONCEDIDA NO DECRETO 627/2024 DO 15/11/2024, EXPTE TEDEC 2024/S009/000036
00078/2025	EXPEDICIÓN DE COPIAS DE DOCUMENTOS (EXPTE 2024/U004/000018)
00079/2025	SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA (ATENCION PUNTUAL POR URXENCIA / EMERXENCIA) EXPTE TEDEC 2025/S002/000002
00080/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 16034/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00081/2025	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS NAS RÚAS ORTIGUEIRA, RÍO CONDOMÍÑAS E OUTRAS". POS+2023
00082/2025	ARQUIVO DO EXPEDIENTE 2024/X999/000226 RECLAMACIÓN DE DANOS OCASIONADOS NUN BEN MUNICIPAL (ALUMEADO PÚBLICO)
00083/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034438 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00084/2025	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO SEGUNDO O DISPOTO NO REAL DECRETO 462/2002, DO 24 DE MAIO, A FUNCIONARIA EN PRÁCTICAS DONA KAREN PÉREZ PITA POLA ASISTENCIA COMO ALUMNA AO CURSO DA AGASP ENTRE O 17/01 AO 14/02/2025
00085/2025	DESIGNACIÓN DE PRODUTIVIDADE AO TRABALLADOR DON JAVIER CALVO RODRÍGUEZ POLAS XESTIÓNS EXTRAORDINARIAS REALIZADAS.
00086/2025	LEVANTAMENTO REPARO FACTURA F/2025/332
00087/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 27699/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00088/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 26757/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00089/2025	RECOÑECIMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS A FUNCIONARIA INTERINA DESTE CONCELLO DONA SONIA MARIA CASCALLAR RIVAS
00090/2025	RECOÑECIMENTO DO PRIMEIRO TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS A FUNCIONARIA INTERINA DESTE CONCELLO DONA SILVIA MARIA MONTES PICOS.
00091/2025	DESIGNACIÓN E ASIGNACIÓN DE PRODUTIVIDADE MENSUAL A D. ANTONIO RODRÍGUEZ



5	FABELLO DENDE O PRIMERO DE FEBREIRO DE 2025
00092/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034512 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00093/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-9
00094/2025	NÓMINA FEBREIRO 2025
00095/2025	DECRETO PAGO FACTURAS RUIDO BLANCO FERROL SL CORRESPONDIENTES AL PERIODO QUE ABARCA DESDE LA NOTIFICACIÓN DE RENUNCIA HASTA LA ACTUALIDAD
00096/2025	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 3 AO 28 DE MARZO DE 2025.
00097/2025	SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026, MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO- PROCEDEMENTO MR701E
00098/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ROUPA MENORES) EXPTE TEDEC 2025/S009/000002
00099/2025	CONCESION TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2025/V006/000002
00100/2025	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
00101/2025	CONSULTA DE EXPEDIENTE SOLICITADO POR D. JORGE GONZALEZ ANEIROS (EXPTE: 2025/X998/000020)
00102/2025	CONCESION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2025/V006/000001
00103/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-10 (GAS NATURAL)
00104/2025	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS SANITARIOS NON CUBERTOS POLOS DIFERENTES SISTEMAS (GAFAS)
00105/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)
00106/2025	APROBACIÓN DO ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER 2025 (EXPTE 2025/A006/000005)
00107/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)
00108/2025	EXP. 2024/U044/000020 - APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO
00109/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034575 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00110/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA E DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL, AO ABEIRO DA LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2025
00111/2025	TARJETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2025/V006/000003
00112/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 -CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PR460D
00113/2025	LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/11
00114/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034652 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00115/2025	CONCESION AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION E HIXIENE), EXPTE TEDEC 2025/S009/000006
00116/2025	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE FEBREIRO DE 2025



5	
00117/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O "SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE CEDEIRA" AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO ENCAMIÑADAS Á ELABORACIÓN DE PLANS DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA NO ANO 2025- PROCEDEMENTO AU301C
00118/2025	MC 03 2025 TC 01 2025
00119/2025	LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ANO 2024
00120/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-12
00121/2025	AUTORIZACIÓN DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS NA SUBESTACION ELECTRICA DE VILELA A NOME DE AGROENXENERIA GALEGA CB
00122/2025	APROBACIÓN GASTO TAXA MELLORA CAPA RODADURA CAMIÑOS MUNICIPAIS (AUGAS DE GALICIA)
00123/2025	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ANÁLISE DE DATOS MUNICIPAL
00124/2025	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00125/2025	CONCESION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA, EXPTE TEDEC 2025/S009/000008
00126/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034715 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00127/2025	RESOLUCIÓN POR CUMPRIMENTO ORDE DE EXECUCIÓN A JESÚS HERMIDA IGLESIAS (MALEZA EN FINCA)
00128/2025	RESOLUCIÓN POR CUMPRIMENTO ORDE DE EXECUCIÓN A SAREB (MALEZA EN FINCA)
00129/2025	RESOLUCIÓN POR CADUCIDADE ORDE DE EXECUCIÓN A ANA MARÍA GONZÁLEZ SAAVEDRA (MALEZA EN FINCA)
00130/2025	RESOLUCIÓN POR CUMPRIMENTO ORDE DE EXECUCIÓN A HROS DE ÁNGEL GARCÍA GARCÍA (MALEZA EN PARCELA)
00131/2025	RESOLUCIÓN POR CUMPRIMENTO ORDE DE EXECUCIÓN A BARDANCA FONTELA E PARDO LAMAS(MALEZA EN FINCA)
00132/2025	CONSULTA DE EXPEDIENTE SOLICITADO POR Dª. MARTA SOLER SONEIRA (EXPTE: 2025/X998/000010)
00133/2025	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 17/2025 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI S.L. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00134/2025	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.O. 17/2025 DE CONSTRUCCIONES JOSAPI S.L. CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
00135/2025	RESOLUCIÓN POR CADUCIDADE DA ORDE DE EXECUCIÓN A HROS JOSÉ MARÍA PICOS LORENZO
00136/2025	DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA CARMELA PRIETO CAL PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
00137/2025	RESOLUC ORDE EXECUCIÓN A VILELA RODRIGUEZ M ISABEL JOSEFA, J ANTONIO E DELFINA (MALEZA EN FINCA)
00138/2025	RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN A HERDEIROS DE ESTRELLA GARCÍA RODRÍGUEZ (MALEZA EN PARCELA)
00139/2025	RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN A PROMONTORIA COLISEUM REAL ESTATE SLU (MALEZA EN FINCA)
00140/2025	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2025
00141/2025	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 27.03.2025



O Pleno queda enterado.

10. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

11. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde di: Recordamos o recordatorio que facemos sempre en rogos e preguntas, poden ser rogos e preguntas, se pode ser, que sexan preguntas e rogos e que non se mezclen, que se fagan os que sexan necesarios de forma individualizada e por conceptos, vale? Tamén recordar que bueno, haberá preguntas que sexamos capaces de contestar neste momento e algunha pregunta que igual se nos piden datos ou outras cousas pois que teñamos que contestar por escrito como marca a Lei, no seguinte Pleno. Así que Xulio, cando queiras, empezas por rogos ou preguntas?

O Sr. Cribeiro García di: Por preguntas.

O Sr. Alcalde di: Por preguntas?

O Sr. Cribeiro García di: O Goberno da venta de fume acude un día máis a facer o seu protocolario anuncio, fai uns días limos na prensa que o Concello de Cedeira quería optar a unha subvención para adquirir un vehículo de actuacións do medioambiente valorado en máis de 125.000 euros. É curiosa a política de querer optar a subvencións para despois non darlle saída. Por qué? Pois hai case un ano o Concello adquiriu un remolque móbil, a través dunha subvención, valorado en 20.000 euros co fin de recoller os residuos polas parroquias. Alguén o veu funcionando? Tamén adquiriu 125 contedores marróns por un valor de 25.000 euros. Alguén os veu por Cedeira ou polas súas parroquias? Eu podo dicir que si que os vin, no Punto limpo o sábado pasado alí todos apilados e parados. Evidentemente que non porque levan dous anos abandonados e sen usar no Punto limpo. Señor Moreda, a política de vender fume xa sabemos que é a súa especialidade, pero faga unha cousa, deixe de prometerlle aos cedeireses o que non sabe cumprir. A pregunta é a seguinte: cando pensa o Goberno local comezar a usar o remolque para depositar os residuos polas parroquias e utilizar os 125 contedores marróns que están abandonados dende fai máis de dous anos no Punto limpo?

O Sr. Alcalde di: Bueno mire, primeiro contestarlle que quen vende fume é a Xunta de Galicia con Altri. Eses son os que máis fume venden, Altri.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Altri non.

O Sr. Alcalde continúa dicindo: Ese é digamos agora mesmo quen vende máis fume en Galicia, Altri. A que pode crear unha desfeita medioambiental máis importante neste século en Galicia. O vehículo que se compra a través do FCA, que é o fondo de compensación ambiental, que non é... Bueno, vostede considérao unha subvención, a lei non di que tal cousa sexa unha subvención. O FCA, por se non o saben ou para recordárllelo -que tampouco ás veces non hai que saber todo- o FCA é o canon que pagan as empresas eólicas por ter os aparatos no noso territorio. Cedeira ten agora mesmo no seu territorio 73 aeroxeneradores dos cales a Xunta... O canon eólico realmente que se paga á empresa de ENEL veñen sendo uns 6 mil e pico euros por aeroxenerador. Entón, eses 73 por eses 6 mil euros e pico é o que recada



a Xunta de Galicia como concepto de canon eólico. Deses 6 mil e pico euros por cada aeroxenerador, a Xunta nos abona ao Concello mil e pico euros por cada un, para que vexades como funciona o canon eólico. É dicir, están no noso territorio, se aproveitan do noso territorio, pero quen ten máis diñeiro neste caso é a Xunta.

E o vehículo que se vai a mercar é un vehículo que é para os traballadores e traballadoras do Concello para os nosos servizos. Non é para unha empresa de limpeza nin nada diso. Do vehículo que di vostede, que fala do remolque, supoño que saberá para o que é, é un Punto limpo móvil -que aproveitamos que houbo unha subvención que igual non sae todos os anos ou sae e non somos capaces de acceder a elas, pero solicitamos a subvención para que ao Concello lle custe menos diñeiro-. E este Punto limpo móbil está metido nos pregos e se poñerá a disposición da empresa para que poida funcionar, ao igual que os contedores cando sexa o seu momento de que a empresa que cando sexa a licitación, sexa adxudicataria, pois irán introducidos aí co cal o custe será inferior ao que se o tiveran que comprar eles. Tes máis preguntas?

O Sr. Cribeiro García di: Si. Existe algún motivo do porqué durante os meses deste ano 2025 non se celebran con regularidade as comisión de seguimento os luns e as Comisión de Urbanismo os venres? Volveremos ao Concello de Cedeira a que as licencias urbanísticas tarden máis tempo, tarden máis anos a que un construtor faga unha casa?

O Sr. Alcalde di: Pois mire, as comisión de seguimento non se están facendo porque agora solo estamos cun técnico. Pero bueno, sorpréndeme bastante que vostede me pregunte sobre isto porque realmente nunca me preguntou nada nunha comisión de seguimento de urbanismo. Iso tamén é algo curioso, pero bueno. Entendo perfectamente que se fagan, intentaremos que cando o noso traballador, que está centrado 100% no seu traballo informando as licencias, pois se temos que facelas volveremos a facelas. Creemos que o máis primordial era iso porque realmente, como digo, nós temos a información de Urbanismo e vostede cando lla poñemos tampouco pregunta, é dicir, ven ás reunións pero pouco máis. As Comisión Informativas de Urbanismo, home, por favor, eu creo que isto ben sabe vostede que se están celebrando. E que hai cousas que tamén temos que explicar pero, parece mentira, señor Cribeiro, Comisión Informativa de Urbanismo non ten nada que ver cunha comisión de seguimento de urbanismo.

O Sr. Cribeiro García di: Cántas se celebraron este ano?

O Sr. Alcalde di: Vostede dixo comisión de seguimento de urbanismo e Comisión Informativa de Urbanismo. As Comisión Informativas de Urbanismo son aquelas que cando calquera licenza ven cun informe favorable do técnico e favorable da Secretaría do Concello, se levan a unha Comisión Informativa de Urbanismo que se convoca, onde se meten, se manda a documentación toda -no é de seguimento- se aproba e ese mesmo día se aproba en Xunta de Goberno, o que se aproba. Parece mentira que vostede, despois de tantos anos de alcalde, e encima agora na oposición, que non saiba o que é unha Comisión Informativa de Urbanismo. Agora, con iso me matou. Seguinte pregunta.

O Sr. Cribeiro García di: Unha vez máis, señor Moreda, a súa prepotencia desbórdao, desbórdao.

O Sr. Alcalde di: Espere, espere un segundiño, espere un segundiño. Estamos no turno de rogos e preguntas, no turno de rogos e preguntas. Fanse rogos e fanse preguntas, non se fan apreciacións persoais a ninguén.

O Sr. Cribeiro García di: E iso que é, porque o di vostede?

O Sr. Alcalde di: Si, porque o digo eu que presido a mesa e márcao a Lei, e que no turno de rogos e preguntas fanse rogos e fanse preguntas.



O Sr. Cribreiro García di: Vostede limita a liberdade de expresión para vostede mesmo.

O Sr. Alcalde di: Se vostede me quere insultar, non pasa nada, non pasa nada.

O Sr. Cribreiro García di: Eu non o insultei, eu non o insultei.

O Sr. Alcalde di: Bueno, estou falando eu, respécteme un pouquiño que estou falando eu. Se vostede me quere insultar non pasa nada, non falo de insultos do insulto de arrogante. Sei que non me vai insultar porque creo que somos bastante educados como para insultar, pero digo o da arrogancia, non me vai parecer mal, entendo a política como o que é, non me parece mal, pero cando acabemos dimo e todo iso. Eu creo que agora mesmo o que lle importa ao pobo, o que lle importa á persoa que está gravando cando saia publicado, é o que realmente necesitamos que se informe á poboación. Vostede ten unha serie de dúbidas a través de preguntas e unha serie de rogos que é o que ten que facer, vale?

O Sr. Cribreiro García di: Vostede non sabe o que é a liberdade de expresión, nin permite a liberdade de expresión nun Pleno. É increíble, dígase o que se diga. Outra pregunta: existen varios vertidos contaminantes en Cedeira, varios vertidos contaminantes en Cedeira que poden repercutir negativamente na saúde dos veciños e visitantes. En qué momento, cando e qué tipo de actuación vai acometer o grupo de Goberno do PSOE e BNG para solucionar este grave problema de saúde pública?

O Sr. Alcalde di: Bueno, se fala en plan xenérico, a verdade que non sei a cal se refire. Sei que agora mesmo hai unha empresa que é Control de Vertidos de Galicia que o que fai é que cando detecta, cando fai unha detección dalgún vertido contaminante, ponse en contacto co Concello e danos un documento onde temos unha serie de días para poder subsanalo. O que fai o Concello de Cedeira, neste caso o Goberno a través da súa persoa que leva o tema de medioambiente, é poñerse en contacto coa concesionaria da auga para que nos diga iso. Vale, voulle facer un recordatorio, aquí houbo unha compañeira miña e máis este compañeiro que foi alcalde que entramos no ano 2015, a calidade das augas da praia de Cedeira, da Area longa, da praia da Magdalena, sabemos como era? Insuficiente.

O Sr. Cribreiro García di: Non me fale do pasado. Estou falando do presente.

O Sr. Alcalde di: Insuficiente. Pero imos a ver, fale cun pouquiño de respecto. Déixeme falar. Eu estouno deixando falar.

O Sr. Cribreiro García di: Pero é que vostede a min non me deixa falar, esa é a diferenza.

O Sr. Alcalde di: Non, é que en rogos e preguntas non se fala. Fálase nas Comisión, fálase moitas cousas, en moitos sitios se fala, pero nisto non se fala. Fanse rogos e preguntas.

No ano 2015, a auga da ría de Cedeira, tanto na praia de Area longa, como na praia da Magdalena, era insuficiente. Sabe cal é agora? Excelente, dende fai uns anos, excelente. Se non sabe o que significa pasar de insuficiente a excelente no sentido -non dos conceptos- senón do que hai que ter para que che dean esa cualificación, pois o que ten que facer é miralo. Vale? Iso por un lado.

Por outro lado, os investimentos que se fixeron nos últimos anos en Cedeira, é dicir, as augas non veñen por si soas limpas, as augas veñen limpas porque o Concello de Cedeira fixo nos últimos case 10 anos, pois non sei, cerca de 1 millón e medio de euros en rede separativa que era o problema que tínhamos. Nosoutros tínhamos un problema moi grande de rede separativa, que non había, entón ao non haber rede separativa, as augas das pluviais ían todas para a estación de bombeo. A estación de bombeo é onde ocorre o primeiro tratamento e despois vai á depuradora. A depuradora realmente controla á estación de bombeo cunha cantidade, trabállase sobre esa cantidade, e cando chove moito esas pluviais, en vez de ir



directamente ao mar, ían a un sitio onde non se tiñan que tratar, o que pasaba era que aumentaba moito o caudal e qué facía aquela empresa a través de... -bueno, non co beneplácito do Goberno porque ao Goberno non lle quedaba de outra- pero era: primeiro, abrir a escotilla que desauga no río ou, segundo, pechala e se levantaban as tapas de alcantarilla que na avenida Zumalacárregui, creo que todos recordamos. Outra cousa que foi unha moi boa idea, foi colocar os colectores de aceite, os cales permiten que 4 millóns de litros de auga non contaminada non vaian á estación de bombeo. Tamén recordamos todos as bolas de graxa que circulaban pola praia que viñan pola ría e todo iso, pero bueno. Seguinte pregunta, por favor.

O Sr. Cribeiro García di: Pois voulle facer outra pregunta. Existen en Cedeira varios vertidos contaminantes que poden repercutir negativamente na saúde dos veciños e visitantes, en qué momento, cándoo e qué tipo de actuación vai acometer o grupo de Goberno do PSOE e BNG para solucionar este grave problema de saúde pública?

O Sr. Alcalde di: A ver, eu creo que xa contestei na anterior pregunta. É dicir, a nosoutros quen nos comunica todos os posibles vertidos que poida haber na nosa ría, bueno ou nos nosos ríos, é Control de Vertidos da Xunta de Galicia. Control de Vertidos da Xunta de Galicia fai analíticas cada x tempo e se nota que hai un vertido, que dan uns parámetros que non son normais, pois o que fai é, a través de Augas de Galicia, ponse en contacto con nós e mándannos un expediente e dannos un mes para solucionar o problema que poida haber. Nós o que facemos unha vez que nos chega -como dixen antes- é poñerllo á persoa que leva o tema de medioambiente, dámosllo e ponse en contacto coa empresa, neste caso con Viaqua, mírase e valórase o que pode ser e despois ao mes, que é o tempo que temos, comunicámosllo á Xunta de Galicia. Se poden ser vertidos controlados, igual pode ser unha fosa que puidera verter ou algo que poida estar vertendo continuamente.

O Sr. Cribeiro García di: Outra pregunta; se neste momento, como está a acontecer, existe un grave vertido contaminante, qué vai facer o Goberno do PSOE e o BNG para solucionar este problema? Ou vai ter que esperar a que unha empresa llo diga?

O Sr. Alcalde di: É que teño que volver a dicir o mesmo, de verdade. É que non sei qué contestar. Os vertidos quen os controla é Augas de Galicia, a través da empresa de Control de Vertidos. Cando encontran un vertido póñense en contacto con nós para dicirnos que hai ese vertido porque eles, a Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia -non o Concello de Cedeira- son os que se poñen en contacto con nós para comunicarnos que hai un vertido e nós temos que buscar esa solución ao vertido a través da empresa Viaqua ou Viaqua buscará o indicio de onde poida vir. É que estou contestando o mesmo tres veces. Eu non sei qué contestarlle máis, sabe? Ou vostede me vai un pouco máis directo ou algo, ou hai un vertido que Augas de Galicia non nos comunicou? Pois non o sei, pero nosoutros... É que ese é o procedemento legal que funciona en toda Galicia. Rogos?

O Sr. Cribeiro García di: Si. O PSOE, con Pablo Moreda á cabeza, leva 10 anos gobernando en Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Aínda non.

O Sr. Cribeiro García continúa dicindo: Deses 10 anos, o BNG leva no Goberno 6. Realmente, en todos estes anos o bipartito non atopou unha solución para arranxar as baldosas rotas en Cedeira vella? 10 anos, 10 anos, repito, 10 anos no Goberno e non se atopou unha solución. 3.650 días e non deron coa tecla. Imaxine que unha familia bota 10 anos co chan roto na súa casa, ningún fogar podería permitirse vivir durante 10 anos esquivando os mesmos buratos sen buscar unha solución. O que ninguén toleraría no seu propio fogar, non debería ser aceptable nas rúas da nosa vila porque o que está claro é que vostedes non son eficientes, nin rentables para resolver os intereses dos veciños e veciñas de Cedeira.



Tardar 10 anos en resolver un problema di moito da carente capacidade de xestión que este Goberno ten. Se non é normal tardar 10 anos en resolver os problemas das baldosas en Cedeira, as contestacións aos veciños por parte dalgúns membros do Goberno menos normais son. Resulta que unha veciña de Cedeira e un Concelleiro, dille a veciña que miña nai vive en Crónicas e vaise matar un día coas baldosas que están levantadas a resposta que se lle deu foi que pise por onde non están levantadas. Realmente esta é a forma na que o grupo de Goberno aporta solución aos veciños? Eludindo a súa responsabilidade?

O Sr. Alcalde di: A ver... Non te vou interromper, vou deixar que sigas falando. Estamos en rogos.

O Sr. Cribreiro García di: Agora estasme interrompendo.

O Sr. Alcalde di: Non, é que estás en rogos, non preguntando.

O Sr. Cribreiro García di: Pero déixeme acabar. Ao final vostede vai ser máis ditador que o propio Francisco Franco. Realmente esta é a forma na que o Goberno aporta solucións aos veciños? Eludindo a súa responsabilidade e culpando aos veciños porque son eles os que pisan onde non deben? Imaxine a un estudante culpando ao libro por suspender un exame, pois isto é o mesmo. Levan anos de retraso neste problema, comecen a tomar en serio aos cedeireses. Por certo, son numerosas as queixas reiteradas en anos sucesivos dos veciños, se vostedes queren tamén podemos fixar unha fecha de convocatoria dunha manifestación de veciños de Cedeira da zona vella ante a incompetencia do Goberno Municipal. O rogo é o seguinte: a máxima necesidade de solucionar este tema.

O Sr. Alcalde di: Vale, grazas. Dúas cousiñas: primeiro, creo que é un pouco... está fóra de lugar falar de algo, falar de alguén que non está presente e culpar ou insinuar que alguén do grupo de Goberno que creo que actúan con moitísima honra en atender aos veciños e veciñas de Cedeira. Creo que dicir algo así está completamente fóra de lugar.

Segundo, que non lle vou entrar ao xogo do tema dos insultos, vale? Creo que vostede pódeme dicir o que queira, gravámolo, sacámolo nas redes sociais, dámoslle voltas e todo iso, está moi ben. Non lle vou contestar xa a que me diga que son como Francisco Franco, o ditador, porque bueno, iso está fora de lugar. Cando acabe dimo fóra e non pasa nada que eu voume rir e non nos imos enfadar nin nada.

E terceiro, pois si que me alegra que a oposición de Cedeira, do Partido Popular de Cedeira, faga oposición grazas ao Goberno Municipal. É dicir, vostede fala dos anos que levamos aquí, vostede leva case dous anos na oposición e enterouse de que estaban as plaquetas rotas porque saíu na prensa a semana pasada que íamos arranxar todo iso. Bueno, pois mira, facemos cousas boas que axudamos a que a oposición faga oposición ao propio Goberno Municipal. Algo máis?

O Sr. Cribreiro García di: Como non deixa falar, non, nada máis.

O Sr. Alcalde di: Vale, que conste en acta que levantamos sesión e que teñan todos unha gran fin de semana.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:24 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ